

ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN AVINZA GDR 15 DO 8 DE ABRIL DE 2011

No salón de actos do Fogar do Maior de Allariz, situado no Campo da Barreira, 3, Allariz, cando son as 18 horas do día 8 de abril de 2011, previamente convocados reuníronse os Sres/as abaixo relacionados baixo a presidencia do Sr. Presidente D. Francisco García Suárez a fin de celebrar a sesión ordinaria da Asemblea Xeral da Asociación Avinza GDR 15 para tratar os asuntos que a continuación se recollen como orde do día.

REPRESENTANTE	ENTIDADE	
Enrique Durán del Río	AAVV Pazo de Santabaia	A Bola
Daniel Vázquez Nieto	Asoc. A Bola Club de Deporte Minoritario e de Base	A Bola
David Pereira Vázquez	Asoc. Agrogandeiros de A Bola	A Bola
Manuel Vázquez Veloso	Asoc. Club Deportivo de A Bola	A Bola
Dolores Martínez Lorenzo	Asoc. Cultural Coral de A Bola	A Bola
Javier Seara Fernández	Asoc. Deportiva Cultural e Xuvenil A Bola	A Bola
Vanessa García Rodríguez	Asoc. Mulleres Rurais As Quintas	A Bola
Rosa María Pereira	Asoc. Mulleres Rurais Sorga	A Bola
Manuel Currás Gómez	Asoc. Deportiva-Cultural de A Bola	A Bola
José Benito Grande Seara	AAVV San Mamede de Urrós	Allariz
Lucía Babarro Calvo	AAVV O Mato	Allariz
Manuel Piñeiro González	AAVV San Vitoiro	Allariz
Dositeo Fernández Fernández	Asoc. Alaricana do Camiño de Santiago	Allariz
Pilar Domínguez Fernández	Asoc. Mulleres Rurais Silvardeira	Allariz
José Manuel Rodríguez Fernández	AAVV Baños de Molgas	Baños de Molgas
Mª Cocepción Garrido Cid	Asoc. Mulleres Rurais Augas Termáis	Baños de Molgas
Francisco Cid Ferreiro	CCMMVVMC Baños de Molgas , Francos, Froufe, A Lama, Vide	Baños de Molgas
Miguel Rodríguez Fernández en representación de José Ramón Prol Vázquez	Asoc. Comerciantes y empresarios de Maceda	Maceda
Juan Alvarez	Coop. de esp. Comunitaria da terra de Foncuberta Sociedade Cooperativa Galega	Maceda
Aurelio Gavilanes González	AAVV De Hermide	Paderne de Allariz
Mª Angeles Gil Selas	AAVV Solveira	Paderne de Allariz
Mª Carmen Pérez Selas	Asoc. Mulleres Rurais de Solveira	Paderne de Allariz
Manuel García González	Labregos Daiquí Sociedade Cooperativa Galelega	Rairiz de Veiga
Antonio Blanco Vila	AAVV A Rabeda	Taboadela
Esther Losada	Asoc. Mulleres Rurais As Abeiras	Taboadela
Joaquín Fernández Rodríguez	Asoc. Virxe das Neves	Taboadela
Xosé Antón Calviño Martínez	VETA Asoc. Sociocultural Veciños de Taboadela	Taboadela
Eladi Cid Babarro	CCMMVVMC Xunqueira de Ambía	Xunqueira de Ambía
Yolanda Quintas Salgado	Asoc. Mulleres Rurais Xuncos	Xunqueira de Ambía
Teresa Barge Bello	CONCELLO DA BOLA	
José Manuel Fernández	CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ	
Xabier Oviedo Rodríguez	CONCELLO DE MACEDA	
José Luis Gavilanes	CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA	
Eladio Mangana Novoa/Representado	CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS	
Francisco García Suárez	CONCELLO DE ALLARIZ	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Faise lectura da acta da Asemblea Xeral anterior, enviada aos socios coa convocatoria e é aprobada por unanimidade.

2. Aprobación das contas do exercicio anterior correspondente á anualidade 2010 e do orzamento do exercicio de 2011.

Ao entrada á Asemblea Xeral entrégaselles aos socios o documento adxunto a esta acta na que figuran diversas aclaración sobre os puntos da orde do día. A primeira parte recolle as contas de funcionamento do ano 2010 de Avinza GDR 15. Apróbanse estas contas por unanimidade tras as aclaracións feitas pola xerente do grupo.

3. Renovación da metade da Xunta Directiva, segundo marca o artigo 15 dos estatutos.

Como recollen os estatutos da asociación Avinza GDR 15 corresponde este ano a renovación da metade dos cargos da Xunta Directiva. Durante as semanas anteriores a xerente reuniuse coas diferentes asociacións para consensuar unha candidatura onde todos os concellos e sectores estiveran representados, medida que foi moi ben acollida por todos os socios. A candidatura que se presenta á renovación (1/2 da xunta) é aprobada por unanimidade. O presidente congratúlase do modo en que se levou a cabo este proceso que permite a participación de todas as asociacións e actores do territorio. A continuación recóllese a candidatura presentada e elixida por unanimidade que pasa a ser a Xunta Directiva oficial a partir desta data.

PRESIDENTE D. Francisco García Suárez
Alcalde do Concello de Allariz

VICEPRESIDENTE 1º D. Manuel Gallego Vila
Alcalde do Concello de Taboadela

VICEPRESIDENTE 2º D. Antonio Prieto Domínguez
Asociación de Gandeiros A Espadana

VICEPRESIDENTE 3º Da. Yolanda Quintas Salgado
Asociación de Mulleres Rurais Xuncos

VICEPRESIDENTE 4º D. Manuel García González
Labregos Daiquí Cooperativoa

SECRETARIO D. Francisco Xabier Oviedo Rodríguez
Alcalde do Concello de Maceda

VICESECRETARIA Da. Rosa María Pereira
Asociación de Mulleres de Sorga

TESOUREIRO D. José Manuel Fernández Gómez
Alcalde do Concello de Paderne de Allariz

VOGAIS

D. María Teresa Barge Bello
Alcaldesa do Concello de A Bola

D. Eladio Mangana Novoa
Alcalde do Concello de Baños de Molgas

D. Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio
Alcalde do Concello de Rairiz de Veiga

D. Xoán Xosé Jardón Pedras

Alcalde do Concello de Vilar de Santos

D. José Luís Gavilanes Losada

Alcalde do Concello de Xunqueira de Ambía

D. Ricardo González Lage

Alcalde do Concello de Xunqueira de Espadanedo

D. Javier Seara Fernández

Asoc. Deportiva e Xuvenil de A Bola

D. David Pereira Vázquez

Asoc. Agrogandeiros de A Bola

Da. M^a Ángeles Gil Selas

AAVV de Solveira

Da. M^a Carmen Pérez Selas

Asoc. Mulleres Rurais de Solveira

Da. M^a Isabel Santos Fernández

Asociación Terras Altas de Xunqueira

D. Dositeo Fernández Fernández

Asoc. Alaricana do camiño de Santiago

José Benito Grande Rodríguez

AAVV San Mamede de Urrós

Juán Álvarez Losada

Coop. de expl. Comunitaria de Terra de Foncuberta

Xosé Antón Otero Tesouro

AAVV Lamas do Montes

Xosé Antón Calviño Martínez

AAVV Taboadela VETA

Francisco José Gómez

Federación de Asociación Molgas Val do Arnoia

Francisco Cid Ferreiro

CCMMVVMC Baños de Molgas

Benigno Vázquez Suárez

CCMMVVMC Niñodagua

Xulio Xosé Conde Blanco

Clube Ciclista Maceda

4. Información sobre proxectos presentados e aprobados.

No documento entregado aos socios figura un pequeno resumo de cada un dos proxectos que neste momento están presentados, aprobados ou xustificados ante AGADER dentro do programa LEADER. A xerente fai un pequeno resumo dos proxectos e da súa marcha. O presidente intervén para sinalar que aínda que os

comezos foron lentos agora a presentación de proxectos vai a bo ritmo. A xerente valora tamén o incremento de proxectos presentados. Sinálase que podería ser importante facer un balance de todos os proxectos presentados que poida servir como modelo de boas prácticas para o futuro. A xerente recolle a idea.

5. Informe das actividades desenvolvidas e da campaña de divulgación para 2011-12.

A xerente describe as actividades que Avinza ten programadas dentro da súa Campaña de divulgación e promoción para o 2011. Todas as actividades a levar a cabo están recollidas tamén no informe adxunto: Curso de cestería en Taboadela, de traxes de Felo en Maceda, a elaboración dunha guía catálogo do territorio ou a celebración do día Internacional da Muller Rural. Intervén a presidenta da Asociación de Mulleres Rurais Silvardeira para dicir que no 2011 Allariz recibirá a todas as Asociación de Mulleres Rurais para ese día e pide colaboración de Avinza. O presidente indica que pode colaborar a asociación pero que tamén é partidario de repartir por outros concellos as actividades para acadar unha maior participación.

6. Información sobre cursos:

1. Agricultura ecolóxica.

A xerente informa sobre este curso que terá lugar entre Allariz e Rairiz de Veiga e que está proxectado para o meses de maio e xuño. Infórmase os socios que a matrícula abrirase en breve e que serán informados convenientemente.

2. Xestión sostible dos montes.

A xerente indica que este curso será impartido en Maceda e que tamén serán informados os socios no momento da súa realización.

7. Outros temas de interese.

Non habendo máis temas que tratar o presidente pecha a sesión, cando son as 18:30 horas.

Francisco García Suárez
Presidente

Francisco Xabier Oviedo Rodríguez
Secretario